

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PROGRAMA FEDER GALICIA 2021-2027

Promotor: Consellería de Facenda e Administración Pública – Xunta de Galicia
Expediente: 2022AAE2659

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O actual Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 foi aprobado por Decisión da Comisión Europea C(2015)897 do 12 de febreiro de 2015, tras ser sometido ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 18.02.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (órgano ambiental) un escrito da Consellería de Facenda e Administración Pública no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do “Programa Operativo FEDER de Galicia 2021-2027”. Achegaba un documento inicial estratéxico e un borrador do programa.
- 3 O 21.02.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico , facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.
- 4 O 12.04.2022 esta dirección xeral formulou o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico .
- 5 O 22.04.2022 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos anunciou no *Diario Oficial de Galicia* a apertura dun período de información pública da versión inicial do Programa Operativo FEDER de Galicia 2021-2027 e do estudo ambiental estratéxico , por un prazo de corenta e cinco días. Paralelamente levou a cabo as consultas ás administracións afectadas e ás persoas interesadas.
- 6 O 28.06.2022 este órgano ambiental recibiu o expediente de avaliación ambiental estratéxica remitido polo promotor para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, regula o réxime xurídico do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O artigo 25.2 da citada Lei 21/2013 sinala que o órgano ambiental formulará a declaración ambiental estratéxica. Esta declaración ten a natureza de informe preceptivo e determinante, conterá unha exposición dos feitos que resuma os principais fitos do procedemento e establecerá as medidas ou condicións finais que deban incorporarse ao plan que finalmente se aprobe.





- 3 O Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 establece as disposicións comúns relativas a distintos fondos comunitarios, entre eles o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). O Regulamento (UE) 2021/2058, do 24 de xuño, regula de forma específica o FEDER e o Fondo de Cohesión.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. O Programa Operativo FEDER

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) é un dos principais instrumentos financeiros da política de cohesión europea. O seu obxectivo é contribuír a reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das rexións europeas e mellorar o nivel de vida nas rexións menos favorecidas. Con cargo a este Fondo cofinánciase o Programa FEDER Galicia 2021-2027 (en diante programa) que conta cunha asignación financeira de 940,2 millóns de euros.

O marco temporal deste Programa abrangue os sete anos correspondentes á programación 2021-2027, ampliado coa marxe que establece a regra N+2 para a súa execución, polo que o gasto será subvencionable desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2029.

O ámbito de aplicación comprende toda a Comunidade Autónoma de Galicia, que neste novo período de programación pasa de ser considerada unha "rexión máis desenvolvida" a unha "rexión en transición"¹.

2. Inicio da tramitación ambiental: borrador e documento inicial estratéxico

No documento inicial estratéxico foron consideradas dúas alternativas: a alternativa cero, que sería non aprobar o programa, e a alternativa 1, que propón manter un enfoque continuista sobre a base do programa operativo FEDER 2014-2020. Óptase por desenvolver a alternativa 1 co fin de cumprir os obxectivos que a normativa reguladora dos fondos europeos establece para o período 2021-2027 e non perder a asignación de fondos FEDER a Galicia.

A proposta formulada no borrador estruturouse en catro dos cinco obxectivos políticos (OP)² comúns aos fondos europeos³. Estableceu seis prioridades e dezaseis obxectivos específicos (OE)⁴, a partir dos que se propuxeron as actuacións a levar a cabo. Pola súa relevancia ambiental, cómpre destacar as seguintes actuacións programadas:

- 1 Clasificación rexional en función da relación entre o PIB per cápita e a media da UE: rexións menos desenvolvidas (<75% PIB), rexións en transición (75%- 100% PIB) e rexións máis desenvolvidas (>= 100% PIB).
- 2 Obxectivos políticos: unha Europa máis competitiva e intelixente (OP 1), unha Europa máis verde, baixa en carbono (OP 2), unha Europa máis conectada (OP 3) e unha Europa máis social e inclusiva (OP4). Non se considera o OP 5 "unha Europa máis próxima aos seus cidadáns".
- 3 Art. 5 do Regulamento (UE) 2021/1060.
- 4 Art. 3 Regulamento FEDER





- OP 2. Unha Europa máis verde:
 - Prioridade P.2.A. Transición verde: con actuacións orientadas á mellora da eficiencia enerxética, promoción de enerxías renovables, infraestruturas enerxéticas e transporte sustentables. Tamén se inclúen inversións en medios contraincendios, para mellorar as infraestruturas de abastecemento e depuración, de ecoeficiencia dos residuos, restauración de solos degradados e rehabilitación de solos contaminados. Asemade establece actuacións para protexer, conservar os espazos protexidos e a fauna silvestre e para reducir a contaminación.
 - Prioridade P.2.B. Mobilidade urbana: con inversións en sendas peonís e ciclistas, construción de estacións de bus xunto ás estacións de ferrocarrís existentes e melloras de accesibilidade e conectividade das paradas de bus na rede autonómica de estradas.
- OP 3. Unha Europa máis conectada: na prioridade P.3.A. Mobilidade contempla actuacións para o desenvolvemento e reforzo da mobilidade sostible, resistente ao cambio climático, intelixente e intermodal a escala nacional, rexional e local, que inclúe a mellora do acceso á rede transeuropea de transporte (RTE-T) e a mobilidade transfronteriza.
- OP 4. Unha Europa máis social e integradora: na prioridade P.4.B Cultura e turismo establécense, entre outras, actuacións para a conservación do patrimonio cultural e o fortalecemento do Camiño de Santiago.

Conforme co establecido no Acordo de Asociación⁵, estas liñas de actuación son complementarias ás establecidas a nivel rexional para outros fondos (FSE, FEADER e FEMPA) e a súa programación desenvolverase de xeito coordinado a nivel rexional, establecendo os retos e necesidades existentes e dirixindo os recursos de cada fondo aos seus ámbitos temáticos de intervención. Así mesmo, o programa é complementario ao Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia.

3. Documento de alcance e estudo ambiental estratéxico

No documento de alcance, emitido por este órgano ambiental e dirixido ao promotor, determinouse a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debía ter o estudo ambiental estratéxico, ao tempo que se indicaban algunhas consideracións ambientais a ter en conta na elaboración do programa.

Como aspectos relevantes a integrar na proposta, este órgano ambiental sinalou no documento de alcance a necesidade de considerar: a paisaxe como obxectivo ambiental transversal; a normativa sectorial aplicable no ámbito dos espazos naturais protexidos; as autorizacións requiridas cando se vexan afectados bens do patrimonio cultural; a contribución dos espazos naturais na mitigación do cambio climático; a importancia de que as actuacións referidas a enerxías renovables, prevención de riscos, mellora da mobilidade, xestión dos recursos hídricos e ciclo de materiais sexan coherentes coa normativa e planificación sectorial da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, do Estado.

5 Primeira versión formal: https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp2020/P2127/Documents/20220616_ACUERDO_DE_ASOCIACION.pdf





Tendo en conta o documento de alcance, o promotor elaborou o estudo ambiental estratéxico e a versión inicial do programa. A estrutura e contido do estudo ambiental estratéxico presentado é conforme co requirido no anexo IV da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no documento de alcance emitido por este órgano ambiental. Contén a data da súa conclusión (xuño 2022) e está asinado polo autor de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 21/2013 do 9 de decembro.

4. Versión inicial, información pública e consultas

O 22.04.2022 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda e Administración Pública, someteu a versión inicial do programa e mais o estudo ambiental estratéxico a información pública por un prazo de corenta e cinco días. Realizou tamén as consultas ás administracións públicas afectadas indicadas no documento de alcance.

A documentación presentada para a formulación da declaración ambiental estratéxica inclúe un informe de participación e consultas no que se describe o proceso realizado e resúmense as conclusións dos informes recibidos, xustificando como foron considerados e, no seu caso, integrados no programa.

4.1. Resultado do trámite de información pública

A documentación estivo a disposición do público tanto nas oficinas da Subdirección Xeral de Planificación (da Consellería de Facenda e Administración Pública) como no portal de Internet da Consellería de Facenda e Administración Pública para que o público en xeral puidese examinalos e formular observacións ou suxestións.

No proceso de información pública realizado non se recibiu non se recibiu ningunha observación ao programa.

4.2. Resultado do trámite de consultas

Segundo o indicado no informe de participación e consultas, o 25.04.2022 consultouse á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e ao Instituto de Estudos do Territorio; recibíuse resposta da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (29.04.2022) e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (18.05.2022).

Estes dous organismos reiteraron as observacións feitas na fase de consultas previas á formulación do documento de alcance, que de forma resumida son as seguintes:

Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS):

En xeral as actuacións contempladas no programa deberán ser compatibles coa planificación vixente en materia de augas (xestión do risco de inundación, abastecemento, saneamento, plans de seca,...).

Respecto aos incentivos ás enerxías eléctricas renovables, o desenvolvemento de determinadas infraestruturas ligadas á produción de enerxía hidroeléctrica (como a construción de novas presas, escavación de galerías ou centrais reversibles) deberá dar cumprimento ao establecido no artigo 39 do Regulamento da Planificación Hidrolóxica (Real decreto 907/2007, do 6 de xullo), o cal establece condicións para as novas modificacións das masas de auga superficial ou alteracións do nivel das masas de auga subterránea.





Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC):

Con base nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, as actuacións que poidan afectar ao patrimonio cultural de Galicia terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

5. Proposta final

A proposta final de programa coincide no fundamental coa proposta formulada inicialmente no borrador xa que os cambios observados non supoñen unha modificación salientable do programa, sendo estes os seguintes:

- A proposta final concreta a contribución do programa aos obxectivos ambientais establecidos normativamente para os fondos europeos, sendo dun 47% ao OP2, dun 65% aos obxectivos ambientais e climáticos e dun 9% ao obxectivo de biodiversidade, superando os mínimos establecidos pola lexislación⁶.
- Incorporáronse as consideracións feitas na fase de información pública e consultas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no estudo ambiental estratéxico (punto 7 de *Medidas preventivas y correctoras*; páx.154-155) e no programa (apartado 1.*Estrategia del programa*; páx.11 e 14).
- No programa, o obxectivo específico OE2.8 – *Mobilidade urbana* (incluído inicialmente no obxectivo político OP2. *Unha Europa máis verde*) pasou a quedar integrado no obxectivo político OP3. Unha Europa máis conectada, como obxectivo específico OE3.2 – *Desenvolvemento e reforzo dunha mobilidade sostible, resistente ao cambio climático, intelixente e intermodal a escala nacional, rexional e local, que inclúe a mellora do acceso á RTE-T e da mobilidade transfronteiriza*. Este cambio non se trasladou ao estudo ambiental estratéxico.

6. Análise da integración dos aspectos ambientais na proposta final

O procedemento de avaliación ambiental estratéxica é un proceso iterativo co que se pretende garantir unha axeitada integración dos aspectos ambientais no contido dos plans.

O programa FEDER constitúe en si mesmo un instrumento con orientación ambiental, sendo un dos cometidos deste fondo promover un desenvolvemento sustentable e afrontar os retos medioambientais e climáticos, en especial a transición cara unha economía climaticamente neutra de aquí ao ano 2050. Malia o anterior, algunhas das futuras actuacións financiáveis poderían afectar ao ambiente e, segundo o caso, deberán ser sometidas ao preceptivo procedemento de avaliación ambiental conforme ao disposto na lexislación vixente.

Atendendo ás consideracións realizadas no documento de alcance emitido por este órgano ambiental e aos resultados do proceso de información pública e consultas, analízase a continuación como quedaron integrados os aspectos ambientais no programa.

⁶ 30% ao OP2, 30% aos obxectivos ambientais e climáticos e 4% aos obxectivos de biodiversidade.





Patrimonio natural

No estudo ambiental estratéxico establécese, conforme co indicado no documento de alcance, que as actuacións que poidan afectar a espazos naturais protexidos terán en conta as determinacións que establece o Plan Director da Rede Natura 2000⁷ para o seu ámbito territorial de aplicación, así como as contidas nos instrumentos de planificación e xestión que resulten de aplicación nos demais espazos protexidos declarados ao abeiro da Lei 5/2019, do patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia. Para facer efectiva esta medida, deberá incorporarse ao documento do programa.

Valórase positivamente que entre os criterios de selección de operacións financiáveis se inclúan proxectos que poidan beneficiar a especies do Catálogo de especies ameazadas e a espazos da Rede Natura e da Rede galega de espazos protexidos, así como tamén que nos espazos naturais protexidos unicamente se consideren actuacións de restauración e conservacións.

Patrimonio cultural

Atendendo ao indicado no documento de alcance e aás observacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tanto o estudo ambiental estratéxico como o programa recollen a necesidade de que as actuacións que podan afectar aos bens culturais ou ao seu contorno deberán ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural (artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia).

Asemade considéranse acertado que o estudo ambiental estratéxico estableza a necesidade de solicitar informe á consellería competente en materia de patrimonio cultural sobre medidas a aplicar para a salvagarda do patrimonio cultural afectado e a proposta de excluír aquelas actuacións susceptibles de producir afeccións aos bens patrimoniais.

Paisaxe

O estudo ambiental estratéxico sinala que algunhas actuacións que poden ter efectos negativos na paisaxe. Sen prexuízo do futuro sometemento dos proxectos ao preceptivo procedemento de avaliación ambiental conforme ao disposto na lexislación vixente, o Programa establece como medida preventiva priorizar as accións que teñan menor afección paisaxística, o cal se considera axeitado.

Atmosfera e cambio climático

O cambio climático constitúe un dos principais retos ambientais do programa e foi considerado como de aplicación transversal en todas as medidas programadas. Así, algunhas actuacións en materia de enerxía (O.2.1, OE.2.2), riscos (OE.2.4) e mobilidade (OE.2.8, OE.3.2) están orientadas especificamente á redución da emisión dos gases de efecto invernadoiro (GEI).

No estudo ambiental estratéxico (apartado 2.3.), atendendo ao indicado no documento de alcance, recóllese que os espazos naturais son uns recursos que poden contribuír de maneira importante a reducir os efectos do cambio climático e que neste sentido

⁷ Decreto 37/2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia.





existen necesidades de inversión en materia de protección da biodiversidade e mellora dos ecosistemas.

Enerxía

De acordo co sinalado no documento de alcance, o estudo ambiental estratéxico vincula as actuacións recollidas nos obxectivos de eficiencia enerxética (OE.2.1), enerxías renovables (OE.2.2) e desenvolvemento de infraestruturas de almacenamento intelixente (OE.2.3) coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 e o Plan Moves estatal de mobilidade eléctrica (actualmente Moves III).

Asemade, dentro do obxectivo específico OE.22 tense en conta a Directiva 2018/2001, en particular os criterios de sostenibilidade que se detallan nela.

Riscos

A proposta final de programa establece que as medidas propostas fronte ás inundacións atenderán ao establecido nos plans de xestión de risco de inundación das demarcacións hidrográficas que afectan ao territorio galego e, na medida posible, coordinaranse cos organismos de bacía para que as medidas se apliquen da forma máis eficaz e eficiente. Deste xeiro dá resposta axeitada ás previsións dos distintos instrumentos de planificación vixentes en relación coa xestión do risco de inundación.

En todo caso, segundo o indicado na actuación 2.4.01, o programa só actuará en determinadas zonas da Demarcación Hidrográfica Galicia-costa seleccionadas na avaliación de riscos do seu plan de xestión.

Respecto das medidas contraincendios, o estudo ambiental estratéxico considera a relación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) cos obxectivos e actuacións do programa.

Mobilidade

Segundo se indicaba no documento de alcance, as actuacións relacionadas como a mobilidade urbana (OE.28) deberán estar coordinadas coas estratexias que en materia de mobilidade alternativa están elaboradas para Galicia e algunhas comarcas⁸. No medio rural as actuacións atenderán ás súas particularidades, como son unha elevada dispersión e baixa densidade poboacional.

A través do obxectivo específico OE3.2, o programa prevé financiar actuacións relacionadas co desenvolvemento e reforzo dunha mobilidade sostible, resistente ao cambio climático, intelixente e intermodal a escala nacional, rexional e local, que inclúe a mellora da conexión das áreas empresariais de carácter estratéxico⁹ coa Rede Transeuropea de Transporte (Rede TEN-T) e da mobilidade transfronteiriza.

8 https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/axi/plans-e-actuacions/estratexia-mobilidade-alternativa?langId=es_ES

9 Prolongación do acceso ao polígono de San Cibrao das Viñas e a Cidade do Transporte dende a A-52 (Rede TEN-T); acceso ao polígono da Veigadaña (Mos) dende a autovía A-55 (Rede TEN-T); novo acceso á A-55 (Rede TEN-T) dende o polígono da Granxa (Porriño). Variante PO-510; continuación ata a N-120 de acceso ao Porto Seco de Monforte de Lemos; continuación da AG-51, acceso á Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves desde A-52 (Rede TEN-T).





Ciclo hídrico

As actuacións propostas en materia de xestión da seca terán en conta os plans de seca elaborados para cada demarcación hidrográfica, concretamente establécese no programa que este tipo de actuacións derivarán das necesidades establecidas nestes plans. Con respecto ao *Plan Auga de Galicia*, o estudo ambiental estratéxico establece a relación dos seus obxectivos co programa.

O programa, atendendo ás observacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, recolle a necesidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 39 do Regulamento da Planificación Hidrolóxica en todo proxecto financiado con fondos do programa que poida implicar modificacións das características físicas da masa de auga superficial ou alteracións do nivel das masas de auga subterránea, ou supoñan o deterioro do estado da masa de auga superficial ou subterránea.

Ciclo de materiais

O programa considerou na súa elaboración a normativa vixente en materia de residuos e os instrumentos de planificación aprobados (Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030, Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia e Plan de xestión de residuos industriais de Galicia), establecendo a correspondente relación cos seus obxectivos específicos e xustificando o cumprimento dos criterios recollidos no Plan de xestión de residuos urbanos (cadro 12 do programa. Condicións favorables).

7. Cuestións documentais

Indícanse a continuación algúns erros detectados na documentación que cómpre corrixir:

- Na proposta final de programa o obxectivo específico do borrador OE2.8- *Mobilidade urbana* (incluído no obxectivo político OP2. *Unha Europa máis verde*) figura como obxectivo específico OE3.2 (dentro do OP3. *Unha Europa máis conectada*). Esta modificación debe contemplarse tamén no estudo ambiental estratéxico (artigo 23 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).
- No Anexo I do estudo ambiental estratéxico cítase o PO FEDER 2014-2020 en lugar do FEDER 2021-2027.

PROPOSTA

Atendendo ao exposto nos apartados anteriores, conclúese que o “Programa Operativo FEDER de Galicia 2021-2027” pode considerarse ambientalmente viable.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





RESOLUCIÓN

Tendo en conta a proposta anterior, resolvo considerar ambientalmente viable o "Programa Operativo FEDER de Galicia 2021-2027" promovido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* mais no portal web da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/>) e remitirase ao promotor.

Segundo o disposto no artigo 26 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, incorporarase o contido da declaración ambiental estratéxica no programa antes da súa adopción ou aprobación definitiva e farase público no diario oficial correspondente a seguinte documentación:

- a) Resolución pola que se aproba o programa e unha referencia ao enderezo electrónico no que o órgano substantivo porá a disposición do público o seu contido íntegro.
- b) Un extracto que inclúa os seguintes aspectos:
 - De que maneira se integraron no programa os aspectos ambientais.
 - Como se tomou en consideración no programa o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.
 - As razóns da escolla da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.
- c) As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos ambientais que resulten da aplicación do programa.

Conforme co disposto no artigo 35.1.d da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, esta declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos se non se aproba o programa no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra a declaración ambiental estratéxica non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía xudicial contra a disposición de carácter xeral que aprobe o programa, ou ben dos que procedan en vía administrativa ou xudicial contra o acto de aprobación do plan (art. 25.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

